



## COMUNICADO CONXUNTO .

---

Rolda de reunións cos grupos parlamentarios das organizacións de Industria de CCOO, UGT e CIG onte mércores día 13 de xullo :

Dende os sindicatos que estivemos acompañados por unha representación do comité de empresa do Asteleiro Vulcano se lles deu traslado nas distintas xuntanzas que se sucederon na tarde de onte do documento consensuado de propostas e peticións, dos datos de actividade e emprego actuais, e a súas valoracións sobre a situación industrial do sector naval na provincia de Pontevedra e da grave situación pola que atravesamos neste intre Factorías Vulcano.

As distintas xuntanzas asistiron polos distintos grupos a seguinte relación:

Grupo AGE, Eva Solla e Ramón Vazquez.

Grupo BNG, Carmen Adan.

Grupo PSdeG, Mael Gallego e Patricia Vilan.

Grupo PP, Javier Dorado e Hipolito Fariñas.

AGE-PSdeG e BNG:

Trasládannos a dificultade par darlle traslado parlamentario as iniciativas exportas xa que se lles viña de expoñer no plenario que o de onte sería o último pleno que se ía celebrar na actual lexislatura, que estudarían plantexar de urxencia e por vía extraordinaria, e que en todo caso estaba en mans do goberno atender a petición e polo tanto no partido PP.

Os tres grupos amosaron a preocupación pola situación do sector e o seu intre por integrar as propostas sindicais nos programas electorais.

PP

Insistiu moito en coñecer a opinión sindical de cales son as condicionantes que provocan que o sector naval galego continúe a cola en actividade, e trasladaron disposición estudar as propostas sindicais.

Dende os sindicatos constatamos que a día de hoxe a administración autonómica e incapaz de diagnosticar a situación e non dispón dunha política industrial que dea unha resposta axeitada os problemas do sector.

Dende o comité de Vulcano insistiuse que a proposta recollida na proposta e que vai encamiñada conceder axudas extraordinarias os traballadores que houberan esgotado o desemprego e continúen sen actividade e imprescindible estea a disposición do sector nas próximas semas.

Para os sindicatos non é, nin crible, nin certo trasladar que se apoia o sector e esquecéndose dos traballadores. Como continúen co actual esquema de "apoio" o sector conseguiran que desapareza.

En Vigo a 11 de Xullo de 2016